



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de expedientes urxentes que non poden esperar á sesión ordinaria de data 29-11-2018»
<b>Data</b>	16 de novembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 10:35 ata as 10:55 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Regina Polín Rodríguez
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	NON
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	SÍ
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
76571390C	Pedro Pérez Fanego	SÍ

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

33803021J	Regina Polín Rodríguez	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. Francisco José Penas Pardo: «Ausencia xustificada»		


Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Ratificación días locais festivos para o ano 2019. Expte: 1294/2018.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

 cación días locais festivos para o ano 2019. Expte: 1294/2018.

A proposta de alcaldía, dictaminada favorable pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 13/11/2018 é a seguinte:

"Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Escrito remitido polo Servizo de Traballo e Economía Social de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, do día 10 de outubro de 2018, RE nº 4025 de 16/10/2018, no que solicitan envío de proposta do Pleno ou do órgano competente na que consten as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2019, co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución.

Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución que lle conceden ao alcalde e ao Pleno os artigos 21.1 e 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e normativa concordante.

Tendo en conta que habitualmente o Concello de Guitiriz determina como días festivos de carácter local o martes de Entroido e o día de San Xoan,

Propoño ao Pleno da Corporación, logo do ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2018 de designación como días de festa local para o ano 2019, de carácter retribuído e non recuperable, os días 5 de marzo (martes de Entroido) e 24 de xuño (San Xoan).

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

SEGUNDO. Notificarlle o presente acordo ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e comunicarllo ás persoas e aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

Aberto o debate pola presidencia os distintos voceiros se mostran de acordo co proposta.

**Sometido o asunto a votación e aprobado por unanimidade dos 12 asistentes.**

### Aprobación inicial do inventario municipal de vías e camiños. Expte: 1350/2018.

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

### bación inicial do inventario municipal de vías e camiños. Expte: 1350/2018.

A proposta de alcaldía, dictaminada favorable pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 13/11/2018 é a seguinte:

"Por decreto de alcaldía nº 605-2017 de 13/12/2017 seleccionouse á empresa Proyestegal S.L., como autora da proposta máis vantaxosa para a Corporación no contrato de "Servizo de Asistencia para a Formación do Inventario de Vías e Camiños do Concello de Guitiriz" e por resolución da Alcaldía nº 2017-637 de data 22/12/2017 acordouse adxudicar a empresa Proyestegal S.L. con CIF B-27159730, e domicilio social na Rúa Pena do Rei 3 entlo, 27002-Lugo, o contrato de "Servizo de Asistencia para a Formación do Inventario de Vías e Camiños do Concello de Guitiriz" conforme ao establecido no prego reguladores da contratación, por un importe de 24.500,00 € máis IVE de 5.145,00 € (prezo total 29.645,00 €), formalizándose o contrato administrativo o día 27/12/2017.

Vista a documentación do inventario de vías e camiños presentada inicialmente pola empresa Proyestegal, S.L. en data 6/11/2018, RE nº 4282.

Vista a Providencia de alcaldía de data 8/11/2018 de incoación de expediente do seguinte tenor literal:

*"PRIMEIRO. Incoar expediente de aprobación do inventario de vías e camiños de acordo coa documentación presentada pola empresa Proyestegal, S.L. en data 6/11/2018, por tramitación de urxencia de conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do forma que os prazos se reducen á metade. A urxencia na tramitación do expediente xustifícase por motivos de interese público, derivados da necesidade de ter finalizados e facturados os traballos de confección do inventario dentro do ano 2018 por motivos orzamentarios. O inventario definitivo non poderá presentarse pola empresa redactora ata que sexa aprobado inicialmente polo Pleno e sometido a información pública, contestando as alegacións ou suxerencias que se presenten. SEGUNDO. - Que por Secretaría se emita informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e polo técnico de medio ambiente do servizo de infraestruturas se emita informe técnico sobre a documentación inicial presentada conforme ao sinalado nos pregos da contratación de referencia (Expte 1650/2017), no prazo máximo de 5 días de condormidade co disposto nos artigos 80.2 e 33 da Lei 39/2015."*

Visto o informe xurídico de secretaría e o informe do técnico de medio ambiente de data 8/11/2018.

Considerando o disposto na seguinte normativa de aplicación:

- Os artigos 17 a 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL en adiante).
- O artigo 86 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril (TRRL en adiante).
- Os artigos 32 a 35 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP en adiante).
- Os artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPA en adiante).
- O artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

— O artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL en adiante).

Conforme ás previsións contidas no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 86 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

Propoño ao Pleno da Corporación, logo do ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o inventario de vías e camiños municipais presentado pola empresa Proyestegal, S.L. en data 6/11/2018, que se adxunta en formato dixital.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública durante un periodo de vinte días hábiles para que calquera persona física ou xurídica poida examinar o expediente e formular as reclamacións ou suxerencias que estime pertinentes, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcadesa explica o cronograma das visitas polas distintas parroquias da empresa redactora para informar aos veciños, e os distintos voceiros se mostran de acordo coa proposta, pedindo que se lle dé a máxima difusión.

**Sometido o asunto a votación e aprobado por unanimidade dos 12 asistentes.**

### ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018 E APROBACIÓN INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE. Expediente 1360/2018.

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/  
Asentimento

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018 E APROBACIÓN INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE.

A proposta de alcaldía, dictaminada favorable pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 13/11/2018 é a seguinte:

"Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento prorrogado desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario por importe de 41.060,14 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 9 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

Vista a normativa para a declaración dunha inversión financeiramente sostible, expostas na disposición adicional sexta da Lei 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade financeira, así como a disposición decimosexta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, prorrogadas ambas disposicións polo Real Decreto Lei 1/2018, de 23 de marzo, e demais normativa aplicable e o anexo a memoria de alcaldía, así como o Informe do Técnico de Medio ambiente e Informe do Interventor Municipal.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

Extraordinario polo importe total de 41.060,14 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado íntegramente con Remanente de Tesourería para gastos xerais conforme ao detalle de aplicacións e gastos que se indican de seguido:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE
161.62300	Instalación filtro desferrizador	41.060,14
	TOTAL	41.060,14

INCREMENTO EN INGRESOS		
Aplicación	Descripción	Importe (€)
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerías	41.060,14

SEGUNDO.- Aprobar a inversión como financeiramente sostible de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira, así como a disposición decimosesta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, prorrogadas ambas disposicións polo Real Decreto Lei 1/2018, de 23 de marzo.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación naquel Boletín Oficial.

CUARTO.- De acordo coa disposición adicional decimosesta do Real Decreto Lexislativo 2/2004 no punto 8, informar a Ministerio de Facenda e Administracións Públicas das inversións financeiramente sostibles.

QUINTO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións".

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que dado que non existen operación de endebedamento nesta Entidade Local dende o ano 2014, cando estábamos nós ao fronte desta Corporación Municipal, e sendo o nivel de débeda cero, que esperemos que así se manteña. Sabedores da inexistencia de crédito no orzamento para tal fin, máis por outra banda, coñecedores da existencia de recursos suficientes para financiar a modificación para poder financiar a obra das instalación duns filtros desferrizadores de auga nos depósitos municipais, despois dos problemas xurdidos todos estes meses, especialmente nos meses de estío, cuxas críticas polo pobo soberano eran feitas en xustiza, polo abandono a que esta alcaldía tivo os seus veciños. Aínda que o señor Interventor no seu informe di que o período de pago a provedores e de case 110 días, esperamos que no cuarto trimestre estes pagos se reduzan ao estipulado pola lei. Di que vai votar a favor porque é algo necesario.

O Sr. Interventor indica que o periodo de pago é coyuntural e que estabilizarase a finais de ano, cumpríndose o periodo medio de pago.

O concelleiro non adscrito di que está de acordo coa proposta e que se subssane o problema da auga o antes posible.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo e que se faga canto antes, e que conste en acta que considera que se fixo demasiado tarde, e que se non fora pola iniciativa do BNG non se houbera feito.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está de acordo coa proposta.

A Sra. Alcaldesa di que hai que ver o motivo do retraso, e que non foi culpa da alcaldía nin deixadez do equipo de goberno.

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

Sometido o asunto a votación e aprobado por unanimidade dos 12 asistentes.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178